

CITA CO PASADO

Nos últimos tempos apréciase por parte das editoriais o esforzo por ir recuperando a obra de certos autores que, aínda pertencendo á nosa historia literaria por méritos propios, ficaron escurecidos xa na súa propia época baixo o fulgor das grandes voces que consolidan o Rexurdimento literario. Este foi o caso, por exemplo, de Marcial Valladares e Florencio Vaamonde, por citar só dous que están de actualidade gracias á nova edición da súa obra que vén de ver a luz na Biblioteca das Letras Galegas de Xerais. Así, da man dos estudiosos Xosé A. Fernández Salgado e Isabel Seoane, temos ocasión de coñecer respectivamente a *Poesía* de Marcial Valladares e *Os calaicos. Mágoas. Follas ao vento*, todas tres obras de Florencio Vaamonde. Mais, con ser importante a posibilidade de poder achegármonos de novo a estes textos, o mérito de ambos os dous volumes non reside só no reencontro literario senón tamén na revisión dunha época, a do Rexurdimento e os anos posteriores, que resultou transcendental para a nosa historia. Senllas introduccións a este período cronolóxico, sempre visto en relación á obra e á biografía dos poetas, facilítannos o mergullo nun tempos de cambios constantes e onde se sentarían as bases para as futuras letras galegas.

Autor da primeira novela da nosa historia, *Maxina ou a filla espúrea*, Marcial Valladares deixou patente tamén o seu interese polo traballo filolóxico elaborando un *Diccionario Gallego-Castellano*, reflexionando sobre a lingua nos *Elementos de Gramática Gallega* e compilando a literatura tradicional en *Cantigueiro popular*. Con todo, tamén foi un poeta destacado, por máis que este seu labor lírico ficase restrinxido ó ámbito das publicacións periódicas e das antoloxías daquela época. Agora, Fernández Salgado recolle os versos de Valladares e descúbrenos a un autor marcado polos grandes temas da súa época: o sentimentalismo e os asuntos amorosos, a liña costumista e didáctico-moral, a raíz folclórica e popular e, por último, os epigramas elexíacos e épicos froito da súa formación clásica. O volume complétase con dous poemas de homenaxe, escritos por Labarta Pose e García Barros, que dan conta a admiración polo seu coetáneo. Pola súa parte, Florencio Vaamonde -membro da Cova Céltica coruñesa e dos que Carballo Calero denominou “Epígonos”- deu ó prelo numerosos artigos sobre a vida e a cultura da súa época e tamén tres poemarios, *Os calaicos*, *Mágoas* e *Follas ao vento* que se reeditan agora baixo o coidado de Isabel Seoane. O intento de invasión da Coruña por parte dos ingleses e a defensa da cidade que efectuou María Pita centran o argumento da primeira das obras onde o autor amosa o seu interese por construír un “poema nacional” ó xeito d’Os *Lusíadas* e resaltando a valía dos galegos. *Mágoas* é un libro miscelánico con

influencia dos clásicos grecolatinos así como do Romanticismo e no que se atopan os grandes temas universais: a angustia polo paso do tempo, o amor e a liña patriótica. Por último, en *Follas ao vento*, Vaamonde recolle once poemas escritos en distintas épocas da súa vida que culminan a evolución na súa métrica e na súa obra. Estamos pois perante dous traballos magníficos que nos vinculan a voces transcendentais da nosa historia. Así pois, ¡feliz reecontro!

TERESA SEARA

Tempos Novos, 81, febreiro 2004, p. 73

